



## Concello de Portomarín

---

### ANUNCIO

#### **CONVOCATORIA DE SELECCIÓN DE DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL PARA PRESTAR SERVIZOS COMO PERSOAL TEMPORAL POR CALQUERA DAS CIRCUNSTANCIAS PREVISTAS NA LEXISLACIÓN APLICABLE.**

A Xunta de Goberno do Concello de Portomarín, por Acordo de 27 de Marzo do 2018, aprobou a convocatoria e bases polas que se rexerán a selección de persoal para integrar a listaxe de persoal para desenvolver funcións de DIPLOMADOS/AS EN TRABALLO SOCIAL para cubrir situacións de necesidade de substitución transitoria do persoal permanente, ao obxecto de poder cubrir provisionalmente as ditas necesidades.

A dita publicación das bases xerais e específicas farase no Taboleiro de Edictos a Casa do Concello e na páxina web (<http://www.concellodeportomarin.es/>).

O prazo de presentación de solicitudes de participación, conforme ao sinalado nas Bases Xerais, será de 10 días naturais contados dende o día seguinte da publicación desta convocatoria no BOP.

O lugar de presentación será o Rexistro Xeral do Concello de Portomarín ou a través das outras formas establecidas no artigo 16 da vixente Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo/a empregado/a do Servizo de Correos.

O Alcalde

Juan Carlos Serrano López